



26.- ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE CEMITERIOS

PUBLICACIÓN:

B.O.P. 25/10/2002

MODIFICACION BOP 29/12/2012.

MODIFICACION BOP 26/12/2013.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE CEMITÉRIO MUNICIPAL.

Art. 1. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos art. 133 e 142 da CE, e 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e nos termos da normativa que se contén nos art. 15, 16, 17, 18, 19 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), establececese a taxa por servizos do cemiterio municipal da vila de Xinzo.

Art. 2. Feito imponible.

a) Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de cemiterio municipal que a seguido se detallan: asignación, en réxime concesional, de bloques de nichos para enterramentos; colocación de elementos accesorios, tais como lápidas, lousas tumulares, relevos, gravuras e placas conmemorativas; estancias de cadáver en depósito; enterramentos; esumación de restos cadavéricos; trámites transmisivos de títulos concesionais; e calquera outros que en conformidade con a normativa do Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

b) A obriga de contribuir entenderase que nace cando comece a prestación dos servizos sometidos ao gravame, considerándose para tales efectos que a prestación se inicia a partir do momento en que se solicita.

Art. 3. Suxeito pasivo.

a) Son suxeitos pasivos os solicitantes da concesión, da autorización o da prestación do servizo, e, no seu caso, os titulares dos permisos concedidos.

b) Son responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os art. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

c) Son responsables subsidiarios os administradores de sociedade, e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, entes societarios e entidades en xeral ás que se refire o art. 40 da antes citada norma tributaria, e con o alcance que expresamente se asinala.



Art. 4. Exencións subxetivas.

Estarán exentos os servizos que se presten nos supostos que a seguido se relacionan:

a) Os enterramentos de asilados procedentes de centros de beneficencia, sempre que se realicen por conta destes centros e sen pompas fúnebres custeadas por familiares dos falecidos.

b) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.

c) Os enterramentos que se leven a cabo por orden das autoridades xudiciais.

Art. 5. Cota tributaria.

A cota tributaria será esixible en conformidade cás tarifas que a seguido se detalla:

a) Asignación de bloques de tres nichos, con depósito para cinzas na súa base, en réxime concesional a perpetuidade: 3.797,74 €.

b) Colocación de elementos accesorios, tais como lápidas, lousas tumulares, relevos, gravuras e placas conmemorativas: 10,37 €.

c) Estancias de cadáver en depósito, por día ou fracción: 51,86 €.

d) Enterramentos: 62,23 €.

e) Traslados de restos cadavéricos: 103,71 €.

f) Transmisión de títulos concesionais:

* "Inter vivos", polo resto do período concesional: 518,55 €.

* "Mortis causa", polo resto do período concesional: Entre parentes de primeiro grao: 62,23 €. Entre parentes de outros grao: 124,45 €.

Art. 6. Declaración, liquidación e ingreso.

a) Será obriga dos suxeitos pasivos formalizar de documentar debidamente a prestación dos servizos de que se trate.

b) Cada servizo será obxecto de acto de liquidación individual e autónomo, que será notificado aos interesados para que ingresen a taxa ou taxas resultantes na forma e prazos que determina a normativa do Regulamento Xeral recaudatorio.

Art. 7. Réxime sancionador.

Estarase ao disposto, para estes efectos, a cuanto se contén na normativa dos arts. 77 e ss. da Lei Xeral Tributaria.

Art. 8. Réxime competencial.

Sen prexuízo das competencias de trámite que corresponden à Presidencia, segundo a normativa do réxime local en vigor, atribúense à Comisión Municipal de Goberno todo o concernente ao réxime concesional das infraestruturas funerarias do cemiterio municipal.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga ó da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derrogada expresamente.